



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 24 de setembro de 2020 (874/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e dez minutos do día vinte e catro de setembro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(757).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**2(758).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 197921/301.**

Visto o informe de fiscalización de data 24/09/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada a mesma data, que di o seguinte:

## 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 2 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 4), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 24) con Anexo de persoal (trámite n.º 34), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 73), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 59 e 61) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (7.729.830,99 €/ano, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 dos orzamentos municipais (“Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)”) e á súa bolsa de vinculación, dacordo coa seguinte distribución por anualidades:*

- Ano 2020: 1.567.143,81 €
- Ano 2021: 7.729.830,99 €
- Ano 2022: 7.729.830,99 €
- Ano 2023: 6.162.687,18 €

*TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de setembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) na seguinte orde descendente:*



## Concello de Vigo

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.	97,00 puntos
2	CLECE, S.A.	88,81 puntos
3	FUNDACIÓN PARA EL ESTUDIO Y LA PROMOCIÓN DE LA ACCIÓN SOCIAL (FEPAS)	81,03 puntos
4	SACYR SOCIAL, S.L.	75,67 puntos
5	ATENDO CALIDADE, S.L.	54,90 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U. (CIF B-48.758.890) para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("as empresas licitadoras deberán estar inscritas necesariamente no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia").*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U., o día 15 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 22 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.**, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, ambos de data 14 de setembro de 2020.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a **SERVISAR SERVICIOS SOCIALES, S.L.U.** (CIF B-48.758.890) o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar (197.921-301) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 23.189.492,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 891.903,57 euros e cunha porcentaxe única de redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 7,20%.*
- b) Comprométese a adscribir ao contrato 4 axudantes de coordinación coa titulación esixida no apartado 7B do citado Anexo I.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez